

OFERTA PARA A ADSCRIPCIÓN EN COMISIÓN DE SERVICIOS DO POSTO DE TRABALLO DE XEFE/A DE SECCIÓN DE APOIO E TRANSPARENCIA, Nº 10 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA INSTITUCIÓN DA VALEDORA DO POBO POR MOTIVOS DE URXENTE E INAPLAZABLE NECESIDADE

Por atoparse a persoa adscrita ao posto de xefe/a de sección de Apoio e Transparencia en situación de incapacidade temporal e sendo previsible que a dita situación se encadene cunha licenza, cunha duración total entre ambas situacións administrativas de aproximadamente seis meses, e vista a proposta do Xefe do Servizo de Administración e Persoal, a Valedora do Pobo con data do 5 de febreiro de 2024, resolveu:

Primeiro: Iniciar o expediente para a adscrición, mediante comisión de servizos, por motivos de urxente e inaprazable necesidade e ata a reincorporación da persoa adscrita ao mesmo, do posto de xefe/a de sección de Apoio e Transparencia (posto nº 10 da Relación de Postos de Traballo da Institución).

Segundo: Publicar na páxina web da Institución a oferta para a adscrición en comisión de servizos do posto de traballo cuxas características se relacionan a continuación:

- Denominación: xefe/a de sección de Apoio e Transparencia (número 10 da Relación de Postos de Traballo)
- Funcións do posto: tarefas de soporte administrativo en materia de contratación, necesaria para o cumprimento das funcións da Institución, o soporte administrativo á Comisión da Transparencia de Galicia, o apoio ao rexistro administrativo da Institución e as demais funcións administrativas que se lle asignen.
- Requisitos: ser persoal funcionario de carreira Grupo C (C1), de calquera Administración pública.
- Nivel: 25
- Méritos que se valorarán: Formación e experiencia en contratación administrativa, transparencia e rexistro administrativo.

Todos os requisitos relacionados neste apartado deberán posuírse no día da finalización do prazo para a presentación de solicitudes, que será o 9 de febreiro de 2024.

As persoas interesadas deberán remitir o seu currículo á dirección de correo electrónico rexistro@valedordopobo.gal, no que debe figurar necesariamente un número de teléfono de contacto e unha dirección de correo electrónico. Non se debe presentar documentación xustificativa dos méritos alegados, que, de ser o caso, poderán ser solicitados pola Institución, se o considera oportuno.

Todas as comunicacións referidas a este procedemento, realizaranse exclusivamente a través do correo electrónico indicado pola persoa solicitante.

Terceiro: A Valedora do Pobo, unha vez analizados os currículos presentados, ditará resolución de adscrición ao posto en Comisión de servizos, condicionada á concesión da correspondente autorización da súa Administración de orixe.

No caso de non obterse a autorización, ditarase nova resolución de adscrición.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo